



Dos mocíños e das mozas
moito traigo que contar
que todos andan señores
a quen máis ha de enganar.

Empezarei polas mozas
que son as máis zalameras
que pra facerse bonitas
hasta pintan as orellas.

Pintan os ollos, as cellas,
parecen unha hermosura,
algunha leva na cara
cuatro quilos de pintura.

I o que gastades en polvos,
en pinturas e algodón,
millor vos fora gastalo
en pastillas de xabón.

Todos cantos cartos xuntan
son pra modas e pra lujos,
pa facerse boas mozas
a ver si encontran un burro.

Pois a que máis presuma
e a que queda solteira,
queda pa cocelos nabos
porque non hai quen a queira.

I aquela do chirlo mirlo,
logo lle medra a barriga,
o mozo que esto sabe
busca outra enseguida.

Como os gatos no xaneiro
andan todos rabeados
cando lles cerran as portas
métese polos tellados.

Por eso, nenas solteiras,
con eso tede coidado
que os mozos hoxe en día
xa están mui desenganados.



E pra que as nenas non choren
e non marchen enfadadas
voulle a contar dos mozos
as súas falcatruadas.

Cuando van pa xunto as nenas
xuran palabra de amor
así que logran a súa
marchan sin decir adiós.

Por eso, nenas solteiras,
con eso tede cuidado
que cas modas que traedes
traédelos mareados.

De trancazos non falamos
porque hai algún borrachón
que en canto ve a taberna
cun pau baila o charlestón.

I a pobre muller chorando
morta de fame ó traballo
encima ten que levar-e
fretas de pau de carballo.

E si non queda contenta
outra cousa máis lle fan
que alá pola medianoite
sin querer a fain bailar.